

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión
(Artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)**

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 2.1 2899 (10/POC-000432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre o estado de conservación e previsións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio respecto da enseada dos Pasais, no concello de Meaño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

- 3.1 1733 (10/PNC-000183)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para reparar as deficiencias denunciadas diante do IGVS polos propietarios das vivendas de Felgosas e A Barqueira, no concello de Cerdido
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016
- 3.2 2509 (10/PNC-000262)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a promover a declaración da illa de Ons como Área de Rehabilitación Integral co obxecto de facilitar as actuacións de rehabilitación nas vivendas existentes na illa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016
- 3.3 2661 (10/PNC-000276)

(Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para incluír o concello de Sada nas áreas de risco potencial significativo de inundación e no Plan de xestión de risco de inundacións de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017
- 3.4 3284 (10/PNC-000326)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co asentamento e actividade industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017
- 3.5 3601 (10/PNC-000348)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central relativa á adopción das medidas necesarias para arranxar os problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira, así como a non recepción das obras, entrementes, por Augas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017
- 3.6 3910 (10/PNC-000362)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego da execución do proxecto de transvasamento de area previsto para a praia de Covas, en Viveiro, así como dun proceso de diálogo coa Plataforma Salvemos a Praia de Covas co fin de procurar unha solución a longo prazo para a fixación de area nela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017
- 3.7 4111 (10/PNC-000384)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a decisión de Renfe e Adif de pechar o servizo de venda de billetes e atención ao viaxeiro en diversas estacións de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección da Vicepresidencia da Comisión
 (Artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 2899(10/POC-000432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre o estado de conservación e previsións da Consellería de
Medio Ambiente e Ordenación do Territorio respecto da enseada
dos Pasais, no concello de Meaño

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia é a encargada de conservar os espazos naturais da nosa terra, e dentro deles se remarcan de maneira destacada aqueles que, sinaladamente, teñen un valor recoñecido. Asociado á aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, establecéronse as Zonas Especiais de Conservación (ZEC; ano 2014) en seguimento das directrices europeas e a implantación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC; ano 2004), que destacaban unha serie de espazos naturais de relevancia na Comunidade Autónoma.

O lugar da enseada de Os Pasales, que conxuga o linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, forma parte da ZEC Complexo Ons- Grove (ES1140004). O contorno natural presenta unha ausencia de coidado notorio, acumulando sucidade na contorna pegada á terra que evidencia a falta de limpeza e atención necesaria. Este espazo presenta, ademais, puntos de vertido incontrolado ao mar, que propagan malos olores e mortalidade de peixes.

En outubro de 2015 o Grupo Municipal Socialista de Meaño presentou unha moción ao Pleno municipal denunciando a situación e solicitando a limpeza do lugar. A moción foi aprobada pola unanimidade do Pleno, mais non houbo avances ao respecto no estado do lugar dende aquela.

O contorno dos Pasales conta coa presenza, aos dous lados da enseada, de dúas telleiras con un interesante valor patrimonial, o que podería redundar nun espazo de alto valor medioambiental e patrimonial, coa repercusión relevante que pode ter a efectos turísticos, culturais e de lecer.



Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales?
2. Cando foi recibida a moción aprobada no Pleno do Concello de Meaño?
3. Que acción se puxeron en marcha con respecto a dita moción?
4. Que consideración lle merece a Xunta de Galicia a potencialidade medioambiental, turística e de lecer do contorno de Os Pasales?
5. Ten previsto realizar a consellería algunha acción destinada a mellorar a situación do lugar? Cal e cando pretende iniciala?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2017 16:20:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2017 16:20:20

María Luisa Pierres López na data 03/01/2017 16:20:27

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2017 16:20:32

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. **Proposicións non de lei en Comisión**

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 1733(10/PNC-000183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións
necesarias para reparar as deficiencias denunciadas diante do
IGVS polos propietarios das vivendas de Felgosas e A
Barqueira, no concello de Cerdido

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, Maria Luisa Pierres López, e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

No ano 2011 o IGVS realizou obras de impermeabilización e pintura en fachadas de vivendas en Felgosas e A Barqueira, no concello de Cerdido. Estas actuacións, sen chegar a cuestionalas, aínda que o propio IGVS falaba de que eran producidos por defectos na execución da obra, semella que non deron resultados satisfactorios.

Despois de pasados cinco anos da dita actuación as vivendas están na mesma situación, incluso peor, que antes de levar a cabo os traballos de impermeabilización.

Os propietarios levan anos reclamando unha solución definitiva e satisfactoria diante do IGVS, e mesmo recorreron algún ano perante o Valedor do Pobo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que leve a cabo as actuacións necesarias nas vivendas de Folgosas e A Barqueira no concello de Cerdido, cuxo deficiente estado ten sido denunciado en diversas ocasións ante o IGVS polos propietarios.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 18:07
Nº Rexistro: 1733
Data envío: 28/11/2016 18:07:48.495



Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/11/2016 18:03:17

María Luisa Pierres López na data 28/11/2016 18:03:26

Raúl Fernández Fernández na data 28/11/2016 18:03:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2016 18:03:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 2509(10/PNC-000262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a promover a declaración da illa de Ons como Área de Rehabilitación Integral co obxecto de facilitar as actuacións de rehabilitación nas vivendas existentes na illa

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Silvestre Balseiros Guinarte, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira, Antonio Mouriño Villar, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Desde 1996, Galicia conta con 69 áreas de rehabilitación integral (ARI) en 40 concellos diferentes. Ademais, declarouse unha tan singular como é a Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago, que transcorre por 107 concellos das catro provincias, de maneira que o total de concellos galegos que dispoñen de áreas de rehabilitación ascende a 127, xa que algúns dos concellos incluídos na área dos Camiños de Santiago tamén teñen ARI propia.

Son xa moitos os núcleos incluídos en Áreas de Rehabilitación Integral en Galicia, pero aínda se atopan outros que poden ser considerados como tales e favorecer a súa rehabilitación. Entre estes últimos destacan as construcións existentes na Illa de Ons, que ademais do seu valor intrínseco teñen una importancia na súa relación co Espazo Natural e co Parque Nacional no que se atopan, e polo tanto, merecen ser atendidas dun xeito especial, como sería a súa inclusión nunha área de rehabilitación integral declarada.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2509
Data envío: 23/12/2016 15:22:22.800

Hai que ter en conta, polo tanto, que Galicia leva máis de 30 anos impulsando a rehabilitación de vivendas e de edificios, nos núcleos rurais, nos conxuntos históricos e tamén no ámbito dos Camiños de Santiago; que Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en declarar unha Área de Rehabilitación Integral; e que na actualidade é a que conta cun maior número de áreas declaradas, entre elas, como se indicou, a ARI dos Camiños de Santiago, caso único en España e que engloba máis de 100 concellos e aproximadamente 500 parroquias.

Ademais, tense confirmado aposta, a través de Proxecto de Orzamentos, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda por seguir apoiando a rehabilitación de vivendas e as ARIS en Galicia. E recentemente, aprobado o Decreto Lei de prórroga do Plan Nacional de Vivenda por parte do Goberno de España.

Por todo o exposto, e dado o valor subliñado do recinto construído e das construcións tradicionais existentes e a súa vinculación coa historia territorial e cultural da Illa de Ons.

O Grupo Popular a través dos deputados e deputadas abaixo asinantes presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a declaración como Área de Rehabilitación Integral da Illa de Ons co obxecto de facilitar as actuacións de rehabilitación nas vivendas existentes na illa”

Santiago de Compostela 23 decembro 2.016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/12/2016 15:13:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2509**
Data envío: 23/12/2016 15:22:22.800

Martín Fernández Prado na data 23/12/2016 15:13:42

Jaime Castiñeira Broz na data 23/12/2016 15:14:03

Marta Novoa Iglesias na data 23/12/2016 15:14:16

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/12/2016 15:14:32

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/12/2016 15:14:43

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/12/2016 15:15:14

Antonio Mouriño Villar na data 23/12/2016 15:16:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 2661(10/PNC-000276)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para incluír o concello de Sada nas áreas de risco potencial significativo de inundación e no Plan de xestión de risco de inundacións de Galicia

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu vice-voceiro **Antón Sánchez García** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En marzo de 2016 Sada sufriu importantes inundacións que afectaron a vivendas nas zonas de Cantalarrana e As Brañas, causando importantes danos.

Para reducir os riscos de que isto volva a acontecer é preciso tomar medidas a varios niveis.

En primeiro lugar incluír a Sada no Plan de Inundacións no que inexplicablemente non está incluída.

Supoñemos que ten algo que ver que o concello de Sada nada alegou no trámite de consultas do Plan no ano 2011, razón pola cal a Xunta non contempla actuacións en Sada nos Orzamentos para o 2017.

É imprescindible a revisión das ARPIS-Plan de Inundacións, para incluír a Sada, e que poida contar coas políticas e actuacións que iso implica.

O que xa non se pode rectificar é o feito das políticas urbanísticas especulativas irracionais que durante anos se desenvolveron e que non tiveron en conta a existencia de cursos de auga que foron canalizados.



Por outra banda o Goberno local de Sada xa está a traballar en alternativas que melloren as infraestruturas de canalización do Río Maior, que actualmente son totalmente deficientes, e a partir dun estudo de Emalcsa e do Grupo de Enxeñería da Auga e Medio Ambiente (Geama) da Universidade de A Coruña, e propónse a substitución das canalizacións actuais en forma de ovoideos por unhas conducións en forma de caixón que incrementaría moito o volume evacuado, medida que por si mesma tería evitado as inundacións de marzo.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Revisar as ARPSIs e o Plan de Xestión de Risco de Inundacións de Galicia para incluír en dito plan a Sada.
- 2) Incluír as partidas orzamentarias necesarias para executar as medidas propostas polo Concello de Sada para mellorar a canalización do Río Maior na súa desembocadura.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Vicevoceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:55
Nº Rexistro: 2661
Data envío: 27/12/2016 16:55:36.203

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/12/2016 16:54:14

Marcos Cal Ogando na data 27/12/2016 16:54:20

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.4 3284(10/PNC-000326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación co asentamento e actividade industrial de Ence en
Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:12
Nº Rexistro: 3284
Data envío: 13/01/2017 13:12:55.706

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados, **Xosé Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Consello da Xunta de Galiza aprobou a través das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e do Plan de Ordenación do Litoral (POL) as determinacións urbanísticas e de ordenación territorial para os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados polo complexo industrial contaminante de ENCE nas marismas de Lourizán.

Estas determinacións prevén expresamente o traslado do complexo fabril no horizonte temporal do 2018.

A Disposición Adicional 3ª.-Ence, do POL establece o seguinte:

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:12
Nº Rexistro: 3284
Data envío: 13/01/2017 13:12:55.706

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.

2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.

3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.

4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuirase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:12
Nº Rexistro: 3284
Data envío: 13/01/2017 13:12:55.706

deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

2. Segundo se deriva das análises e informes realizados polo concello de Pontevedra, as verteduras de augas residuais de ENCE incumpren a Directiva europea 91/271/CE sobre tratamento de augas residuais e a Lei 9/2010 de augas de Galicia. Co agravante de que a autorización de verteduras faise conxuntamente para as augas residuais urbanas tratadas na EDAR dos Praceres e as de orixe industrial de ENCE.

A este respecto, o Comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca da Unión Europea informou ao Parlamento Europeo que “Se as augas residuais da fábrica de pasta de papel se verten a través dunha instalación de tratamento de augas residuais urbanas, aplicaranse as disposicións da Directiva 91/271/CE, sobre tratamento de augas residuais urbanas”. Ademais, o citado comisario entende que “os órganos administrativos ou xudiciais nacionais encargados das Directivas mencionadas son os principais responsábeis de comprobar as situacións específicas de incumprimento”.

O complexo industrial de Lourizán tamén se ve obrigado ao cumprimento da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais e da Decisión de execución da Comisión do 26 de setembro de 2014 pola que se establecen as conclusións sobre as melloras técnicas dispoñíbeis para a produción de pasta, papel e cartón. Esta Decisión establece que nun prazo de 4 anos deberán adaptarse todas as condicións de autorización das instalacións.

En consecuencia co anterior, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda instar ao Goberno galego a

1. Dar cumprimento ao establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e no Plan de Ordenación do Litoral (POL) a respecto dos terreos de dominio público



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:12
Nº Rexistro: 3284
Data envío: 13/01/2017 13:12:55.706

que ocupa a industria contaminante ENCE nas marismas de Lourizán. En consecuencia, *Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuirase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.*

2. Esixir o cumprimento por parte de ENCE da normativa galega e europea sobre verteduras de augas residuais e sobre emisións industriais.

3. Rexeitar a prórroga da autorización ambiental integrada a ENCE polo incumprimento da normativa sectorial e das determinacións das DOT e do POL”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:12
Nº Rexistro: 3284
Data envío: 13/01/2017 13:12:55.706

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2017 12:50:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2017 12:50:11

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2017 12:50:34

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2017 12:50:38

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2017 12:50:39

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2017 12:50:43

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3.5 3601(10/PNC-000348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central relativa á adopción das medidas necesarias para arranxar os problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira, así como a non recepción das obras, entrementres, por Augas de Galicia

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas; máis en concreto, con relación á ría de O Burgo, quedaron impactados polos lodos, que chegaban a uns dous metros de profundidade e que case “tragan” a un traballador que baixou o día da visita.

A vixente Lei de augas de Galicia, do 4 de novembro de 2010, e o seu Regulamento, do 22 de xuño de 2012, foron propostas polo Goberno de Feijóo e aprobadas polo Parlamento de Galicia so cos votos favorables do Partido Popular. As dúas normas recollen preceptos relativos ao saneamento, incluídos novos tributos para saneamento.

A ría de Arousa e os problemas de saneamento e depuración en Ribeira son outro punto máis nesta “carreira” do Goberno do PP: en xuño de 2009, Augas de Galicia elaboraba o anteproxecto de construción e explotación da Edar de Ribeira, presentando a solicitude de cualificación ambiental en xullo daquel ano.

Dende entón, o Goberno do PP ten feito un “plan” para o saneamento da ría; un estudo de impacto ambiental e unha promesa electoral do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de executar o proxecto de pluviais e fecais en Ribeira, no borde marítimo, cun importe de 3.000.0000 de euros.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non obstante, ademais dos problemas co emisario submarino (xulgados incluídos), do mal funcionamento dos tanques de tormenta e dos sifóns e dos vertidos ao mar de lixo e de augas non debidamente depuradas (non se pode esquecer que desembocan nunha zona sita entre os parques naturais de Corrubedo e das Illas Atlánticas), hoxe hai 475 denuncias por problemas de salubridade derivados do mal funcionamento da Edar en probas. Informes técnicos sobre a EDAR din que se observan medicións moi altas de sulfhídrico nas estacións de bombeo e que, nalgúns casos, se sitúan fóra de rango.

É importante dicir que, dende o ano 2014, a sociedade estatal ACUAES iniciaba a obra da depuradora, no marco dun convenio entre os gobernos do Estado e a Xunta, financiada con fondos Feder.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno do Estado a que, neste primeiro semestre de 2017, se tomen as medidas necesarias para solucionar os problemas da Edar en probas de Ribeira.
2. Non recepcionar a obra por parte de Augas de Galicia ata que se solucionen efectiva e definitivamente estes problemas.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 17:37
Nº Rexistro: 3601
Data envío: 17/01/2017 17:37:08.849



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 17:31:40

María Dolores Toja Suárez na data 17/01/2017 17:31:46

Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2017 17:31:52

María Luisa Pierres López na data 17/01/2017 17:31:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 17:32:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.6 3910(10/PNC-000362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego da execución do proxecto de transvasamento de area previsto para a praia de Covas, en Viveiro, así como dun proceso de diálogo coa Plataforma Salvemos a Praia de Covas co fin de procurar unha solución a longo prazo para a fixación de area nela

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:36
Nº Rexistro: 3910
Data envío: 23/01/2017 13:36:24.318

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

A execución da obra de ampliación do dique de abrigo do Porto de Celeiro supuxo efectos sobre un areal situado ao oeste da ría na denominada Praia de Covas (Viveiro). Neste senso, malia que no proxecto estaba prevista a implementación como medida correctora dun trasvase de área de 30.000 metros cúbicos, até o momento non se ten realizado ningunha actuación na zona.

Perante a inacción a Plataforma Salvemos a Praia de Covas denunciou o caso na Valedora do Pobo que abriu expediente. Con data de 4 de xaneiro de 2017 a Valedora informou á veciñanza da situación na que se atopa a obra de trasvase, comprometida así as cousas polo deputado do Partido Popular en Madrid, Jaime de Olano para setembro do pasado ano.

Segundo a Consellaría do Mar a obra efectuaríase de maneira conxunta entre Portos de Galiza e Costas sendo que cada unha das administracións (galega e estatal) asumirían o custe de candanseus 15 mil metros cúbicos de área.

Porén, en novembro de 2016 o Servizo Provincial de Costas informa á Valedora de que por “restricións orzamentarias non se considera posíbel a colaboración financeira para sufragar o custe do trasvase”. Razón pola que Portos de Galicia “pretende acadar dispoñibilidades orzamentarias para asumir en exclusiva o custe desta medida



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:36
Nº Rexistro: 3910
Data envío: 23/01/2017 13:36:24.318

provisional”, de acordo coa información recollida no expediente de queixa aberto pola Valedora.

A finais de 2016, concretamente o 13 de decembro, Servizo Provincial de Costas emite autorización para a execución do trasvase. Até o momento non se iniciou.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar a execución do proxecto de trasvase de area previsto para a Praia de Covas e a iniciar un proceso de diálogo coa Plataforma Salvemos a Praia de Covas co obxectivo de procurar unha solución a longo prazo para a fixación de area no areal.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:36
Nº Rexistro: 3910
Data envío: 23/01/2017 13:36:24.318

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2017 13:35:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2017 13:35:52

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 13:35:56

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2017 13:35:58

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2017 13:36:02

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 13:36:06

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.7 4111(10/PNC-000384)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a decisión de Renfe e Adif de pechar o servizo de venda de billetes e atención ao viaxeiro en diversas estacións de Galicia

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, sobre o peche de determinados servizos de venda ao público que pretende facer dende RENFE-ADIF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como seguro é coñecido as empresas Renfe-Viaxeiros S.A. e ADIF veñen de adoptar a lamentable decisión de pechar a atención presencial ao viaxeiro nas estacións de Guillarei, O Carballiño, O Barco, A Rúa e Ribadavia, dentro dun proceso continuo e imparabile de degradación do servizo.

Este peche ademais de furtar a unha parte da sociedade galega dun servizo básico e fundamental como é a venda e información persoal, suporá o traspaso deste persoal a outras divisións da compañía coas consecuencias que todos podemos entender que suporá.

Este proceso persigue un obxectivo último a desmantelación de todos os servizos de viaxeiros de tódalas estacións que non sexan nas cidades galegas, co fin de acadar un descenso de utilización e de ocupación, que sirva de pretexto para o seu peche definitivo.

Esta decisión deixará sen servizo a máis de 160.000 viaxeiros, dificultando o servizo para os usuarios habituais, pero tamén diminuindo a calidade e polo tanto a imaxe que de nos reciben os numerosos turistas que usan este servizo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 16:51
Nº Rexistro: 4111
Data envío: 26/01/2017 16:51:39.883



Dende este Grupo Parlamentar non entendemos tampouco que a alternativa sexan puntos de autoventa que únicamente aceptan o pago con tarxeta, facilitando unha vez máis o negocio bancario fronte a realidade actual, onde o 90% dos billetes vendidos nesas estacións, o é en metálico.

Estes traballadores de venda directa tamén garante a apertura dos vestíbulos destas estacións, feito que non poderá facerse con este novo modelo, o que supón en moitos casos que os usuarios queden afectados ás inclemencias do tempo e polo tanto un elemento máis de deterioro do servizo e perda de potenciais usuarios.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**.

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Ministerio de Fomento a deixar sen efecto a decisión de RENFE e ADIF de pechar o servizo de venda de billetes e atención ao viaxeiro en diversas estacións de Galicia.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/01/2017 16:50:56

Marcos Cal Ogando na data 26/01/2017 16:51:01